

NOTA DE PRENSA

O Museo Casa da Troia reabre no verán, desde mañá martes ata mediados de setembro, malia as “estreiteces económicas”

Poderá visitarse en horario de 11 a 14 e de 16 a 20 horas, tendo en conta que pecha os luns e a tarde dos domingos, pero os venres estará aberto ata as 22 horas

Soe recibir 30 visitas diarias e un 20 por cento de turistas estranxeiros

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2014 (Vía Láctea Comunicación).- O Museo Casa da Troia volve abrir as súas portas no verán, dende mañá martes, 22 de xullo, ata mediados de setembro. O público poderá visitalo en horario de 11:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 20:00 horas coas seguintes excepcións: os venres prolongará o seu horario ata as 22:00 horas, de tal forma que os martes e os domingos retrasará a apertura ás 12:00 horas. Os luns todo o día e a tarde dos domingos permanecerá pechado.

O presidente da Asociación de Antigos Tunos Composteláns, Benigno Amor, destaca que sempre é unha boa noticia para a cidade que o museo estudiantil estea aberto, porque –agrega– cada vez é máis difícil mantelo aberto debido ás estreiteces económicas. “Como xestores do museo, desde a nosa Asociación estamos a facer esforzos continuados en materia de difusión, mantendo unha web rica en contidos multimedia; programación de actividades, que facemos sós ou en cooperación con outras entidades; e de relación co entorno museístico da cidade, especialmente co tradicional museo das peregrinacións, na casa Gótica”.

Ofrece visitas guiadas en galego, castelán e inglés

O Museo Casa da Troia tamén permanece aberto durante a Semana Santa pero é nos meses de verán cando acolle unha maior afluencia de público, tanto por parte dos turistas de calquera nacionalidade, coma dos propios composteláns. En concreto, recibe unhas trinta visitas diarias e a cifra de visitantes estranxeiros representa o 20 por cento do total.

Ofrécese percorridos guiados en galego, castelán ou inglés e tamén está previsto manter as visitas dramatizadas varios días á semana, tal como se fixo en anos anteriores.

A Cuarentena da Cidade de México ofreceu un concerto na Igrexa da Universidade de Santiago

O Museo Casa da Troia organizou o pasado mes de maio un concerto da Cuarentena da Cidade de México que tivo lugar na Igrexa da Universidade. Ata

dezaseis músicos procedentes de diferentes agrupacións universitarias fixeron soar un repertorio de temas populares mexicanos.

Benigno Amor destacou que esta cita “forma parte das diferentes actividades que anticipan a conmemoración do centenario da novela” de Pérez Lugín. Ademais sinalou que as tunas son “parte do patrimonio cultural inmaterial”.

A páxina web do Museo acada as 5.000 visitas anuais

A páxina web oficial do Museo Casa da Troia -www.lacasadelatroya.org- é un portal rico en contidos que ofrece información actualizada periodicamente sobre as actividades realizadas durante todo o ano. Ademais, recolle parte da historia deste emblemático edificio e amosa fotografías dos eventos impulsados polo museo nos últimos catro anos. Recibe unhas cinco mil visitas anuais e agora tamén posúe unha páxina no Facebook con 64 seguidores.

Unha antiga pensión de estudantes convertida en museo

O Museo recrea unha antiga pensión de estudantes inmortalizada na novela «La Casa de la Troya», escrita no ano 1905 por Alejandro Pérez Lugín. O edificio construído a mediados do século XVIII foi hospedaría de estudantes entre 1886 e 1906 e nel aloxouse o personaxe principal, Gerardo Roquer. En 1993 abriu como museo grazas ao mecenas compostelán Benigno Amor Rodríguez (finado en 2009) e na actualidade, está xestionado pola Asociación de Antigos Tunos Composteláns, constituída no ano 1979 e presidida por Benigno Amor Barreiro.

Na planta baixa do inmoble atópase a recepción, antiga zona de paso tanto das persoas como dos cabalos que baixaban ás cortes. No primeiro andar está o vello salón-comedor, tamén habilitado como zona de estudo, e noutra época lugar de ensaio da Tuna Compostelana; e a sala de respecto, unha pequena estancia empregada durante as visitas dos familiares dos estudantes. No segundo andar están os dormitorios. No ático atópase a cociña, ademais dun pequeno dormitorio, que na novela pertencía a Dona Generosa, a patroa. O soto, que antigamente era usado como corte dos cabalos, está dedicado ás tunas universitarias, e poden admirarse diversos instrumentos musicais, becas, capas, trofeos, fotografías e outras pertenzas da estudantina.

NOTA.- Xuntamos dúas fotografías do Museo Casa da Troia